

Curso 2022-2023

Lendo
no Galiñeiro

Club de Lectura do IES
Valadares



1. **Nome do club:** *Lendo no Galiñeiro*, club de lectura do IES Valadares.

2. Breve historia:

Lendo no Galiñeiro naceu no curso académico 2007-2008 co obxectivo de fomentar a lectura no alumnado nun contexto lúdico, fóra das aulas e obrigas cotiás. Un ano máis tarde, xurdiu o club de lectura de adultos, que ampliou a experiencia a toda a comunidade educativa (nais, pais, profesorado e demais persoal do centro). No curso 2018-19, o club de lectura soubo recoñecer as demandas e intereses do alumnado, creando especificamente o *Club de manga* e *Club de escoita*.

3. Finalidades do noso club. Relación co Proxecto Lector de Centro e a Biblioteca escolar.

1. Formar lectores/as competentes na e para a sociedade da información.
2. Promover a socialización dos e das asistentes a través das lecturas, fomentando, en última instancia, a comunicación entre iguais e traballarmos a empatía e o respecto cara as opinións alleas.
3. Favorecer e visibilizar o traballo en equipo, grazas á posta en común das actividades.
4. Levar a cabo actividades de escrita (seguindo o lema das Bibliotecas para este curso: *Escribir na biblioteca escolar*) e outras relacionadas con ela de carácter artístico, onde se fomente a interdisciplinidade dos ámbitos do saber humano (científico- técnico, social e humanístico).
5. Relacionar a literatura con outras expresións artísticas e audiovisuais, a través das narrativas transmedia.
6. Integrar as tecnoloxías da comunicación como soporte para transmitir experiencias de lectura e escritura, abrindo canais de comunicación coa comunidade educativa.
7. Favorecer e potenciar a ruptura de estereotipos asociados aos hábitos lectores.
8. Fomentar a oralidade.

As actividades programadas para o Club de Lectura están baseadas nas propostas do Proxecto Lector e relacionadas co Plan Anual de Lectura deste curso. Deste xeito, un dos obxectivos é continuar a cohesión de todos os proxectos e as actividades que se veñen facendo dende os diferentes equipos (Biblioteca, EDLG, Radio escolar...).

4. Os integrantes: lectores e mediadores.

Neste curso continuaremos as liñas de traballo xa abertas, os tres Clubs de Lectura e o Club de Escoita e proporemos un club de lectura específico para Bacharelato co nome de *Quedadas literarias*.

Os/as lectores/as organízanse así en tres grupos permanentes e quedadas literarias unha vez por avaliación.

Grupos permanentes:

- ***Club de Lectura de familias, profesorado, persoal do centro e de antigo alumnado (con 12 participantes, aproximadamente)***. Actúa como mediadora Iolanda Rodríguez González (profesora de Lingua Galega).
- ***Club de Lectura de alumnado lector de manga (con 30 participantes, aproximadamente)***. As mediadoras deste grupo serán Eugenia Fernández Fernández (profesora de Lingua Castelá e integrante do Equipo de biblioteca) e Susana López Fernández (profesora de Lingua Galega).
- ***Club de Lectura de alumnado lector. (con 14 participantes, aproximadamente)***. Actúan como mediadoras Andrea de la Torre Rocafort (profesora de Xeografía e Historia, integrante do Equipo de biblioteca e coordinadora do Club) e Asun Carballo Rodríguez (profesora de Lingua Castelá e coordinadora do Equipo de Biblioteca).

- **O Club de Escoita** está dirixido a toda a comunidade educativa, especialmente para todos aqueles que non lles gusta ler pero si escoitar boas historias. Andrea de la Torre Rocafort (profesora de Xeografía e Historia, integrante do Equipo de biblioteca e coordinadora do Club) será a mediadora.

Quedadas literarias:

Son reunións pensadas para o alumnado de Bacharelato. Nelas elixiranse lecturas arredor de tres eixos temáticos. Son lecturas relacionadas con eixos temáticos que contribúan a complementar o seu itinerario lector.

5. Actividades previstas. Breve descripción dos diversos escenarios posibles.

Cada un dos clubs terá dinámicas específicas, adaptadas aos/ás lectores/as, no entanto, cómpre salientar algunhas que serán comúns:

- **lectura** das obras seleccionadas
- **faladoiros** literarios sobre as obras lidas,
- coloquio con **autores**, se for posible, para compartir opinións e impresións.

Estas actividades combinaranse con outras como:

- **Club de nenos e nenas:**

Neste curso, os lectores e lectoras están **organizados en dúas modalidades:**

★ **Todos os luns a mediodía:** xorde por petición expresa de 4 alumnos/as aos que se lles facía pouco quedar só unha vez ao mes. Ademais das lecturas breves, (relatos, poemas, álbum ilustrado...) realizarán tarefas como facer publicacións nas nosas redes sociais, blog...

★ **Un luns ao mes:** ademais das dinámicas anteriormente descritas, realizaranse outras actividades como:

- **visualización** de material dixital relacionado coa lectura.
- **obradoiros creativos de escrita ou artísticos** relacionados cos libros lidos.
- realización de **podcasts** en colaboración coa nosa radio, Onda Valadares.
- **Club de Lectura de Manga Manganiakos:**
 - **Obradoiro** de como facer **cosplay** en colaboración co **club de costura** do centro.
 - **Obradoiros** de debuxo manga, origami... impartidos por membros do club.
 - Visualización de **anime** en versión orixinal.
 - Creación de **podcasts** de divulgación sobre cultura xaponesa e/ou coreana.
 - Asistencia, sempre que sexa posible pola situación sanitaria, a comic-cons noutros centros.
 - Coma sempre, o estudantado membro elixirá por votación os títulos que irán lendo (ou os animes, sempre en versión orixinal).
- **Club de Lectura de familias, profesorado, persoal do centro e antigo alumnado** ten prevista unha lectura cada avaliación:

A 1ª avaliación centrarase en **ensaio** a través da obra *O reino medieval de Galicia. Crónica dunha desmemoria* de Xosé Miguel Andrade e Anselmo López Carreira..

- Na 2ª seguimos co **ensaio**, neste caso sobre Igualdade, coa obra de Chis Oliveira e Amada Traba *Ám@me*
- A 3ª avaliación xirará en torno á **poesía** de Oriana Méndez e Xabier Gil Xardón ao redor da poesía galega actual.

- **Club de escoita:**
 - Selección de lecturas en relación coas diferentes conmemoracións e efemérides (contos, poesía, álbum ilustrado, selección de textos relacionados cunha temática...)
 - O alumnado preparará as lecturas e **gravará vídeos breves** para poñer nas aulas en datas importantes ou días sinalados.
- **Quedadas literarias**
 - Selección dunha lectura en relación coas diferentes temáticas dos clubs (contos, poesía, álbum ilustrado, selección de textos relacionados cunha temática...).

5.1. Actividades específicas de impulso á lectura en galego, para estimular a participación de varóns e incentivar a participación do alumnado con NEAE.

As lecturas propostas en todos os clubs serán maioritariamente en lingua galega e as actividades realizadas tentarán dinamizar o idioma.

As actividades do Club de Manga constitúen unha canle para achegar a lectura a moitos rapaces atraídos pola estética e a cultura deste xénero xa que logo é o club no que constatamos unha maior presenza de varóns.

No noso club temos moi en conta a participación do alumnado NEAE e todas as seccións orientadas a alumnado teñen un espazo para eles:

- **Club de nenos e nenas:** empregaremos o álbum ilustrado como medio para este tipo de alumnado. Estamos intentando levar a cabo, ademais, un club de lectura fácil
- **Club manga:** o éxito deste club débese, ao noso ver, a que constitúe un espazo seguro para moitos alumnos e alumnas con certas dificultades de relación, no cal atopan unha voz, un círculo entre iguais, onde manifestar libremente os seus intereses.
- **Club de escoita:** fomenta que alumnado ao que non lle gusta ler pero si que lle lean poida formar tamén parte da nosa comunidade lectora.

6. Forma de organización e funcionamento.

Para garantirmos o bo funcionamento do Club de Lectura, a coordinadora e as mediadoras realizaremos unha sesión mensual de coordinación.

7. Horario e calendario previsto para as reunións de carácter presencial

No caso do Club de nenos e nenas, haberá dúas modalidades: unha reunión presencial ao mes ou todos os luns. Ambas terán lugar os luns a mediodía.

Pola súa banda, o club de manga, terá unha reunión semanal tamén os luns a mediodía. O club de Club de Lectura de familias, profesorado, persoal do centro e de antigo alumnado, reunirse unha vez ao trimestre.

O Club de escoita levarase a cabo nos recreos, na hora de ler e en datas sinaladas para as lecturas compartidas no CEIP e na Galiña Azul.

8. Medios previstos para a difusión entre a comunidade escolar

Os medios de difusión do club serán o blog da biblioteca, O Sobreiral das palabras (<http://osobreiraldaspalabras.blogspot.com>) e as nosas redes sociais. Estamos en Twitter (@OSobreiral), en Instagram (@o_sobreiral) e en Pinterest.